

ESTRATEGIA
GALEGA DE
ENVELLECIMIENTO
ACTIVO DESDE
A INNOVACIÓN
2016-2020

ESTRATEGIA GALEGA DE ENVELLECIMIENTO DESDE A INNOVACIÓN 2016-2020

XUNTA DE GALICIA

Marco de actuación para unha vida activa, saudable, independente e segura.

A Xunta de Galicia está a deseñar o novo marco de actuación para as persoas maiores.

- A Organización Mundial da Saúde define o envellecemento activo como o proceso no que se optimizan as oportunidades de saúde, participación e seguridade a fin de mellorar a calidade de vida das persoas a medida que envellecen”(OMS 2002).
- O envellecemento activo pretende mellorar a calidade de vida das persoas a medida que envellecen, favorecendo as súas oportunidades de desenvolvemento para unha vida saudable, participativa e segura.
- O envellecemento activo e saudable implica entender esta etapa da vida como un ciclo máis de crecemento persoal, engadindo“vida aos anos e non soamente anos á vida”.

Segundo os datos do IGE (2014) a poboación maior de 55 anos en Galicia representa un 36% da poboación total, (aproximadamente 1 millón de persoas) que está preto de duplicar a poboación dos menores de 25 anos (21% da poboación total, 571.000 persoas). Ademais, a esperanza de vida media da nosa comunidade é unha das máis elevadas de España, e en concreto a das galegas (86 anos fronte a 82 da media nacional). Este feito unido ao proceso de cambio no que se atopan os diversos perfís de maiores, pon en evidencia a xeración de novas realidades e necesidades relacionadas cos novos estilos de vida, somos máis activos e máis independentes.

Coa finalidade de propoñer solucións que se adapten a esta realidade e que melloren a calidade de vida das persoas maiores e da cidadanía en xeral, na Consellería de Política Social da Xunta de Galicia estamos levando a cabo unha estratexia que dea resposta ao desafío que supón ter unha sociedade cun perfil de adulto sénior tan heteroxéneo e de gran valor: a Estratexia de envellecemento desde a innovación 2016-2020. Marco de actuación para unha vida activa, saudable, independente e segura.

A fase inicial da estratexia baséase principalmente nun proceso participativo de escoita a todos os colectivos implicados neste ámbito e nunha investigación das condicións e estilos de vida dos adultos sénior, tendo en conta a perspectiva de tres grupos de idade:

- de 55 a 64 anos
- de 65 a 79 anos
- a partir de 80 anos.

Como primeiro paso para a súa elaboración e co obxectivo de ter en conta as inquedanzas e propostas da cidadanía na estratexia, poñemos á súa disposición este cuestionario para a recollida das propostas no eido de envellecemento activo e saudable.

O cuestionario baséase nos principais eixes de actuación do envellecemento activo e saudable segundo o establecido no Marco de actuación estatal para as persoas maiores: emprego, participación social, vida autónoma e saudable, non discriminación e igualdade de oportunidades.

- Para dar resposta ao mesmo, é necesario que o faga a través deste [enlace](#) ao cuestionario online.
- Poderá enviar as súas respostas a través do cuestionario en liña ata o 15 de xaneiro de 2015.
- No caso de ter algunha dúbida, pode poñerse en contacto connosco a través do correo estratexiamaiores@xunta.es



<https://docs.google.com/forms/d/1LfCaAZUhw9jaUsJjmDN4JG276Eylef6JcQFiQWmEVNM/viewform?c=0&w=1>



estratexiamaiores@xunta.es

